



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Carballo González, Ángeles  
De los Bueis Mellado, Jorge  
Diz Ferreiro, Paula  
Fernández Fernández, Federico  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Hernández Martín, Primo  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José  
Valderrama Santomé, Mónica  
Valeije Álvarez, Inmaculada  
Vaquero Díaz, Beatriz

### DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 23 de xaneiro de dous mil catorce, convocada para as 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O día **23 de xaneiro de 2014**, ás 12:00 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Informe do Presidente.
2. Aprobación, se procede, do calendario electoral e do procedemento para a elección do Reitor ou Reitora.
3. Aprobación, se procede, do calendario electoral para a elección de membros do Claustro Universitario.
4. Aprobación, se procede, da situación das mesas electorais para o sector de Persoal de Administración e Servizos nas eleccións a Reitor e ao Claustro Universitario.
5. Delegación na secretaria da Comisión Electoral da elaboración do censo electoral.
6. Delegación na secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidatura.
7. Rogos e preguntas.

#### **Punto 1.** Informe do Presidente.

Toma a palabra o presidente para informar que este ano 2014 corresponde a renovación total do Claustro. O artigo 33 dos Estatutos di que os membros do Claustro serán elixidos por catro anos, agás o alumnado que o será por dous. Sinala que a última renovación foi non ano 2010, polo que xa están próximos a transcorrer 4 anos e, en consecuencia, procede dar inicio ao proceso de renovación.

Informa, que para dar cumprimento ao mandato recollido non artigo 4 do regulamento de réxime interno do Claustro e o art. 39 n) dos Estatutos con carácter previo o pasado día 20 de xaneiro reuniuse a Mesa do Claustro que acordou aprobar por unanimidade o seguinte punto da orde do día “Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro”. Seguidamente, tivo lugar o Consello de Goberno extraordinario que no punto 2 da orde do día se recolle *Convocatoria de eleccións para a renovación total do Claustro Universitario*.

O presidente informa que tamén corresponde convocar eleccións a Reitor ou Reitora, posto que o artigo 57 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que será elixido por un período de catro anos. Correspóndelle á Comisión Electoral regular a elección de reitor ou reitora debendo elaborar o calendario, censo e procedemento electoral.

A convocatoria de eleccións a membros do Claustro e a Reitor ou Reitora supón que durante varios meses e ata a proclamación definitiva dous candidatos nos dous procesos, esta Comisión deberase reunir asiduamente para tomar a decisión que se reflicten nos distintos regulamentos vixentes nesta universidade.

As xuntanzas están en función do calendario electoral. Unha vez aprobado o calendario, remitirase a cada membro unha previsión de datas de celebración da Comisión Electoral. Non obstante, intentarase utilizar o sistema de videoconferencia.

Prégase a todos os membros desta comisión a súa asistencia ás distintas sesións que deban ser convocadas e agradece con antelación a súa dispoñibilidade.

**Punto 2.** Aprobación, se procede, do calendario electoral e do procedemento para a elección do Reitor ou Reitora.

O presidente informa del marco normativo:

- Artigo 28 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro, que dispón que “Á Comisión Electoral lle corresponde regular as eleccións dos membros do claustro e do reitor, ....”
- Artigo 4 do mesmo Regulamento de Réxime Interno do Claustro di que “A Comisión Electoral, á que se fai referencia no artigo 29 deste Regulamento, elaborará o calendario, o censo e o procedemento electoral” nas eleccións a membros do Claustro.

O presidente informa que de acordo con ditos artigos, sométese a esta Comisión unha proposta de calendario electoral. Agradece o apoio de secretaria xeral para a elaboración do mesmo. E, seguidamente, explica as razóns que sustentan a elección de datas para cada un dos procedementos. Salienta que un dato importante é a obriga establecida no Estatuto do Estudante Universitario, no sentido que “as universidades velarán, conforme á súa normativa e á autonómica, por non facer coincidir as reunións cos períodos de exames nin cos días de estudos previos”. A observancia deste artigo e a vontade de garantir a participación do estudantado, aconsella realizar as eleccións a membros do Claustro e a Reitor ou Reitora antes do mes de maio, que é cando comeza o período de exames neste curso académico.

Sinala que, no calendario que se propón (ao igual que o previsto para a renovación de membros do Claustro), rematarían ambos procesos antes das vacacións da semana santa, polo que se cumpriría o establecido no Regulamento de estudantes. O calendario é o mesmo para ambas eleccións, rematando os procesos o día 7 de abril, agás no suposto de que nas eleccións a Reitor ou Reitora que remataría o día 14 de abril se houbera unha segunda volta.

Con respecto ao procedemento para a elección a Reitor ou Reitora, que foi aprobado pola Comisión Electoral o día 4 de marzo de 2010, propónse a modificación dos artigos aos que fai referencia a documentación que se achegou.

Apróbase por asentimento o calendario electoral e o procedemento para a elección do Reitor ou Reitora (**Anexo I**).

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do calendario electoral para a elección de membros do Claustro Universitario.

O presidente repite as consideracións feitas en orde ao Punto 2.

Apróbase por asentimento o calendario electoral para a elección de membros do Claustro Universitario (**Anexo II**).

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da situación das mesas electorais para o sector de Persoal de Administración e Servizos nas eleccións a Reitor e ao Claustro Universitario.

O presidente informa que o artigo 9.3 do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo establece que *No caso do persoal de administración e servizos constituirase unha circunscrición electoral única, con independencia do lugar no que teña o seu destino.*

A proposta de situación das mesas onde vai a votar o PAS é a mesma que aprobou a Comisión Electoral o día 4 de marzo de 2010.

Intervén Federico Fernández para facer una consideración sobre a situación dalgunhas mesas electorais no Campus de Pontevedra, respecto que mesa lle correspondería ao PAS do pavillón de deportes. Acórdase que vote na Facultade de CC. Sociais e da Comunicación.

Apróbase por asentimento situación das mesas electorais para o sector de Persoal de Administración e Servizos nas eleccións a Reitor e ao Claustro Universitario (**Anexo III**).

**Punto 5.** Delegación na secretaria da Comisión Electoral da elaboración do censo electoral.

O presidente propón que se delegue na Secretaria da Comisión a elaboración do censo, non obstante as reclamacións que se presenten ao mesmo e a aprobación do censo definitivo someteranse á aprobación da Comisión Electoral.

Informa que os censos electorais son elaborados polos servizos informáticos, de acordo cos criterios de interpretación dos artigos 32 e 57 dos Estatutos e aprobados polo Consello de Goberno o día 5 e 22 de marzo de 2010.

Informa que en este período electoral a Escola de Enxeñaría Industrial é un centro único con dúas sedes; que para facilitar a participación e evitar desprazamentos pedirase a confección de censos separados por sede, co obxecto de que haxa unha mesa electoral na sede do Campus Universitario e outra na sede Vigo-cidade.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Delegación na secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidatura.

Propónse que se delegue na Secretaria da Comisión o modelo de candidatura de representante no Claustro e de Reitor ou Reitora.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Federico Fernández para preguntar polo sistema de votación electrónica.

Intervén a profesora Beatriz Vaquero para pedir que naquelas reunións da Comisión Electoral que non haxa asuntos complexos que se trate de facer por videoconferencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:05 horas do día 23 de xaneiro de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Álvarez